


A conservaciòn do mar



depende de nós

UNHA MAREA DE LADRILLO INVADE A COSTA GALEGA

No último ano 283.600 novas vivendas, campos de golf, proxectos de construcción ou ampliación de portos deportivos danaron un dos principais tesouros da nosa beiramar, a paisaxe, provocando ademais o aumento de vertidos e a destrución de moitos areais e cantís cheos de vida.



OS OCÉANOS ESTANSE ESGOTANDO

Mariñeiros, científicos, políticos... Todos decatámosnos de que a pesca hoxe é menos abundante que hai dez anos.

A photograph showing several individuals in full white protective suits and respirators working on a heavily polluted beach. They are standing in shallow water, surrounded by dark, oil-slicked debris and trash. In the background, a row of houses with red roofs sits atop a grassy hill under a clear blue sky.

S.O.S

AÍNDA SEGUES A CRER
QUE PODEMOS
MALTRATALO
SEN LÍMITES?




A PAISAXE COSTEIRA “UN TESOURO POR PROTEXER”

Precisamos con urxencia que, con imaxinación, se apliquen novas formas de desenvolvemento, para que se frene a destrución dun dos principais sinais da nosa identidade, a nosa paisaxe.

NA NOSA BEIRAMAR TEMOS UNHA GRANDE OFICINA DE EMPREGO

O mar en Galicia é un xeito de vida. As imaxes dos mariñeiros e mariscadoras na súa faena diaria son ben coñecidas por todos. Pero a importancia económica vai moito máis alá. Dende as conserveiras e bateas ao turismo, hostalería, ocio e transporte. O sustento de 150.000 familias galegas está vencellado aos recursos mariños e polo tanto á súa urgente conservación.





O supermercado más
completo e variado.
Vintecatro horas aberto

MOITOS DOS FÁRMACOS QUE
EMPREGAMOS TEÑEN A SÚA
ORIXE NO MAR

Nos oceános está a orixe de moitas das principais sustancias presentes nas nosas farmacias. Cada día desaparecen especies que nunca chegaremos a coñecer... se cadra futuras medicinas.



ACIGO TEN QUE CAMBIAR, QUERES PARTICIPAR?

Se hoxe comes os
pequenos, mañán non
comerás os grandes.



Racha co furtivismo non
consumindo especies en veda ou
que non cumpran coa talla mínima.




Moitas bolsas de plástico, anelas dos packs de latas, bandexas de “corcho branco” ... chegan ao mar causando a morte de tartarugas, golfinos e outros animais mariños que as confunden con alimento ou quedan atrapados nelas. Trata de evitar o seu uso.

A administración encárgase de controlar e
impedir as agresións ao medio mariño e
litoral. Podes colaborar con ela
comunicándolle as agresións que sofre o
litoral da zona na
que vives.



É o noso deber



UN EXEMPLO A SEGUIR

Ante os serios problemas polos que atravesa o sector pesqueiro artesanal galego, a confraría de Lira (Carnota) decidiu non quedar quieta e propuxo a creación dunha pequena área mariña protexida, a **Reserva Mariña dos Miñarzos** coa que pretende provocar un cambio de mentalidade no sector e na poboación locais.

A XENTE DO MAR TAMÉN APORTA SOLUCIÓNS

As Áreas Mariñas Protexidas son unha das principais ferramentas da xestión das pesquerías, ao que se engade a súa importancia na conservación do medio mariño.



O MAR DEPENDE DE NÓS



NÓS DEPENDEMOS DO MAR



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



Fundació
Territori i Paisatge
XAÑE GALLARDO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARITIMOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



PROGRAMA
DE USO-SOSTIBLE
DO MAR

